

BASES DO SORTEO

A ASOCIACIÓN ARRAIANOS, dentro do evento "TU&TAPA", realiza un sorteo suxeito ás seguintes BASES:

1 - ÁMBITO DE APLICACIÓN

A promoción desenvolverase do 1 de MARZO ó 31 de MARZO de 2019. Poderá participar calquera persoa que cumpra os seguintes requisitos:

2 - REQUISITOS

- Ser maior de idade e completar correctamente tódolos datos solicitados no cupón de votación do concurso dispoñible nos establecementos participantes.
- Depositar o devandito cupón nunha das furnas colocadas para tal finalidade nos establecementos participantes.

3 - CONDICIÓNS XERAIS DE PARTICIPACIÓN

1. Sortearase un premio por persoa.
2. O uso e disfrute do premio corresponde unicamente ó titular gañador e a/ás persoa/s que este designe expresamente como seu/seus acompañante/s, no caso de que así o especifique o premio.
3. Calquera outro gasto adicional alleo ós conceptos incluídos no premio e relacionado co premio ou o seu disfrute será sufragado polo gañador.
4. O gañador deberá acreditar a súa identidade ante os responsables designados pola ASOCIACIÓN ARRAIANOS, en caso de que estes así o soliciten.
5. A ASOCIACIÓN ARRAIANOS queda exonerada de calquera responsabilidade derivada das posibles eventualidades sufridas polos participantes no sorteo ou durante o disfrute do premio.
6. A Organización resérvase o dereito de substituír algún dos premios por outro similar e de igual valor, se fose preciso por causas alleas a ela.
7. Os agraciados cos premios cederán os dereitos de imaxe no caso de seren fotografados na entrega ou disfrute do premio. Estas imaxes poderán ser empregadas pola ASOCIACIÓN ARRAIANOS con fins promocionais en calquera medio.
- 8.- O sorteo realizarase o **11 de abril de 2019**, na cidade de Tui.

9. Os premios serán os seguintes:

1º premio: 1 Noite de hotel na Ribeira Sacra + Visita á bodega Regina Viarum

2º premio: 1 Experiencia no aloxamento forestal Aloia Nature

3º premio: 1 bono para o Pazo da Auga de Mondariz

10.- O premios comunicaranse ó gañador persoalmente, chamando ós teléfonos proporcionados polos participantes, nun prazo máximo de 48 horas dende a celebración do sorteo. O agraciado poderá renunciar, se o desexa, ó premio. En ningún caso existirá a posibilidade de trocar os premios polo seu equivalente en valor económico.

A aceptación ou non do premio, deberá confirmarse neste mesmo prazo de 48 horas. En caso contrario dará comezo o contacto cos suplentes correspondentes.

11.- A entrega do premio se realizará ó gañador de forma nominal durante a entrega de premios do concurso o 11 de abril do 2019 (data susceptible de cambio por parte da organización) ou no seu defecto, na oficina técnica do concurso (c/ Calvo Sotelo nº 15, Tui).

12. – Tódolos premios poderán desfrutarse ata a data marcada pola empresa responsable de ditos premios.

Protección de datos:

De conformidade co establecido na normativa vixente de Protección de Datos de Carácter Persoal, informámoslle que os datos persoais facilitados por vostede están sendo tratados coa máxima confidencialidade pola Asociación Cultural Arraianos, e únicamente serán empregados para a realización do sorteo no que participa, procedéndose a súa destrución, e tan só no caso de resultar premiado, serán publicados na forma en que a asociación estime oportuna. Para aclarar calquera dúbida sobre a política de protección de datos pode dirixirse á Asociación Arraianos no enderezo: rúa Calvo Sotelo nº15, Tui (Pontevedra) ou no correo electrónico: info@asociacionarraianos.es

Aceptación das bases

A simple participación nesta Promoción implica a definitiva aceptación polos participantes das presentes Bases.

Para calquera consulta relacionada co presente sorteo poderán dirixirse a:

ASOCIACIÓN CULTURAL ARRAIANOS

c/ Calvo Sotelo nº15

36700 Tui

info@asociacionarraianos.es